

RUTA DO ENCORO DE CECEBRE

O Encoro inaugurouse no ano 1975 para reter as augas dos ríos Mero e Barcés. Sendo un espazo creado artificialmente, pronto se converteu nun humidal de características naturais excepcionais: xurdiu un completo hábitat para o asentamento dun fabuloso ecosistema de flora e fauna. É así que ese interese botánico repercute directamente no mantemento da poboación de aves, réptiles, mamíferos, insectos ou anfibios. Hoxe en día é un enclave protexido declarado Espazo de Interese Comunitario (LIC).

